

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 28 de agosto de 2015 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Porto do Son.

A área de explotación e planificación portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Porto do Son, instalacións portuarias situadas no termo municipal de Porto do Son na provincia da Coruña e adscritas ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación, prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia na falta de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia celebrada o día 30 de xullo de 2015, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Porto do Son, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da área de explotación e planificación portuaria do 24.7.2015, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 30.7.2015 dando a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Porto do Son e elevándoo e propoñéndoo para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar conferida por Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto Porto do Son (Porto do Son, A Coruña), na súa última versión asinada en maio de 2015 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Andrés D. Cervantes Refojos, como xefe do



Departamento de Planificación Portuaria, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2015

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: umn5jpc4-ids8-joh3-im91-3bsshx0pjm5

